

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

6947 *RESOLUCIÓN do 11 de abril de 2006, da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, sobre o libro de visitas da Inspección de Trabajo e Seguridade Social. («BOE» 93, do 19-4-2006, e «BOE» 99, do 26-4-2006.)*

A Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Trabajo e Seguridade Social (BOE do 15), en diante LOITSS, establece no seu artigo 14.3 que os funcionarios da Inspección de Trabajo e Seguridade Social expedirán dilixencia da súa actuación no libro de visitas que debe existir en cada centro de traballo, con suxeición ao que dispoña a autoridade central da Inspección de Trabajo e Seguridade Social.

A dita previsión vén desenvolvida no artigo 20 do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, en diante ROFIT, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 14 de febreiro (BOE do 16).

Por outra parte, o número 2 do artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, na redacción dada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (BOE do 13), en diante LRPL, establece que determinados funcionarios públicos, tanto da Administración xeral do Estado como das comunidades autónomas, que exerzan labores técnicos en materia de prevención de riscos laborais, poderán desenvolver funcións comprobatorias de seguranza e saúde nas empresas co alcance sinalado no número 3 do mesmo artigo e coa capacidade de requirimento a que se refire o artigo 43 da mesma lei, para o que deberán contar cunha habilitación específica expedida pola súa propia comunidade autónoma, de acordo co establecido na disposición adicional décimo quinta da referida LPRL, nos termos que se determinen regulamentariamente.

En tal sentido o artigo 67 do Real decreto 689/2005, do 10 de xuño (BOE do 23), polo que se modifica o ROFIT, establece que os requirimentos de emenda no exercicio das súas funcións de apoio e colaboración coa Inspección de Trabajo e Seguridade Social se poderán reflectir mediante dilixencia no libro de visitas da Inspección de Trabajo e Seguridade Social.

Así mesmo, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27), establece no seu artigo 45 que as administracións públicas impulsarán o emprego e a aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias. Para iso, establécese que a Inspección de Trabajo e Seguridade Social porá á disposición dos usuarios unha aplicación informática que permita substituír a utilización do libro de visitas convencional por un sistema de rexistro telemático de anotacións, de modo tal que as medidas de advertencia, recomendación ou requirimento efectuados polos funcionarios da Inspección de Trabajo e Seguridade Social e os requirimentos dos funcionarios técnicos habilitados para o exercicio de actuacións comprobatorias en materia de prevención de riscos laborais se poidan reflectir nun libro de visitas electrónico.

En consecuencia, e co obxecto de adecuar o modelo do libro de visitas da Inspección de Trabajo e Seguridade Social ás previsións das referidas leis 42/1997 e 31/1995, modificada pola Lei 54/2003, e o Real decreto 689/2005, en exercicio das competencias establecidas no artigo 18.3.1.

da LOITSS, logo de consulta aos órganos correspondentes das comunidades autónomas, esta dirección xeral, na súa condición de autoridade central da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, dita a seguinte resolución.

Primeiro.—As empresas están obrigadas a ter en cada centro de traballo, e á disposición dos funcionarios da Inspección de Trabajo e Seguridade Social e dos funcionarios técnicos habilitados para o exercicio de actuacións comprobatorias en materia de prevención de riscos laborais, en diante técnicos habilitados, un libro de visitas, con suxeición ao modelo e requisitos que se establecen nesta resolución.

A dita obriga alcanza, así mesmo, os traballadores por conta propia e os titulares de centros ou establecementos, incluso cando non empreguen traballadores por conta allea, e independentemente do réxime da Seguridade Social aplicable.

Nas administracións públicas, para os efectos desta resolución, entenderase por centro de traballo o ámbito funcional con entidade orgánica e operativa propia nos niveis territoriais estatal, autonómico, provincial e municipal.

O libro de visitas deberá estar permanentemente á disposición dos inspectores de Trabajo e Seguridade Social, dos subinspectores de Emprego e Seguridade Social e dos técnicos habilitados.

Poderase habilitar a utilización dun libro de visitas electrónico, logo de autorización da autoridade central da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, o que implicará a aceptación dos requirimentos técnicos e funcionais do sistema electrónico que subministre a Inspección de Trabajo e Seguridade Social.

A solicitude de autorización deberase formular a través da Inspección Provincial de Trabajo e Seguridade Social correspondente á provincia onde estea localizado o domicilio social da empresa e afectará todos o algúns dos seus centros de traballo na mesma ou distinta provincia.

Segundo.—As empresas que conten con centros de traballo con permanencia inferior a trinta días nos cales empreguen seis ou menos traballadores non están obrigadas a dispoñer de libro de visitas propio dos ditos centros, utilizándose para tales efectos o do centro en que se encontre domiciliada a empresa na provincia de que se trate.

Cando se xustifique a imposibilidade ou extrema dificultade obxectivas para que en cada centro de traballo se dispoña dun libro de visitas propio, os xefes da Inspección de Trabajo e Seguridade Social poderán autorizar a correspondente excepción para o ámbito territorial dunha mesma provincia.

Terceiro.—Os inspectores de Trabajo e Seguridade Social e os subinspectores de Emprego e Seguridade Social, con ocasión de cada visita aos centros de traballo ou comprobación por comparecencia de suxeito inspeccionado en dependencias públicas que realicen, expedirán dilixencia sobre tal actuación, con suxeición ás regras que se establecen nesta resolución.

Así mesmo, os técnicos habilitados poderán expedir dilixencia no libro de visitas da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, tanto para reflectir as actuacións comprobatorias das condicións materiais e técnicas de seguranza ou saúde, como para formular requirimentos, de acordo co disposto no artigo 43.3 da LPRL.

Cuarto.—Cando a actuación teña lugar mediante visita, o libro quedará no centro de traballo e a copia da dilixencia efectuada en poder do funcionario actuante.

Cando as actuacións se leven a cabo mediante comprobación nas dependencias da Inspección de Trabajo e Seguridade Social, o libro de visitas estará á disposición do funcionario actuante polo tempo necesario, devolvéndosele despois ao seu titular.

Quinto.—As dilixencias no libro de visitas expediranse consonte as seguintes regras:

a) O funcionario actuante indicará a súa identidade, corpo a que pertence e demais datos contidos no modelo oficial do libro. Nas dilixencias expedidas polos técnicos habilitados farase constar a mención «técnico habilitado» (artigos 9.2 e 3 e disposición adicional décimo quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro).

Se a actuación a realizase máis dun funcionario, incluíndo os técnicos habilitados que acompañen o inspector de Traballo e Seguridade Social, a dilixencia subscribiraa o inspector que dirixa as actuacións, quen indicará a identidade dos demais funcionarios que interviñesen.

b) Expedirase unha dilixencia por cada visita ou comprobación, reflectindo as materias ou aspectos examinados e demais incidencias concurrentes.

c) A dilixencia reflectirá as circunstancias da colaboración dos representantes dos traballadores no seu desenvolvemento, cando se producise.

d) Non será preceptivo que a dilixencia do libro de visitas conteña referencia á práctica ou non de actas de infracción ou de liquidación.

Sexto.—Se na dilixencia se formulase requirimento de emenda de deficiencias, este conterá os datos adecuados á súa finalidade e o prazo para levala a cabo.

Sétimo.—Se, mediante a dilixencia no libro de visitas, o inspector de Traballo e Seguridade Social documentase a decisión de paralización ou suspensión de traballos prevista no artigo 44 da LPRL, aquela conterá os datos suficientes para a determinación do alcance e condicións da paralización decretada, así como os necesarios para o exercicio do dereito á súa impugnación.

Oitavo.—Se na dilixencia se efectuase requirimento ao suxeito responsable de ingreso de cotas de Seguridade Social ou conceptos de recadación conxunta, procederase de acordo coa normativa de aplicación.

Noveno.—Cada exemplar do libro de visitas será habilitado polo xefe da Inspección da provincia en que radique o centro de traballo. Os libros de visitas dos centros e dependencias centrais da Administración xeral do Estado habilitaraos o director especial da Inspección, adscrita á autoridade central.

Para a habilitación do segundo ou posteriores libros de visitas presentárase o anterior para xustificar que se acabaron os seus folios; en caso de perda ou destrución do libro anterior, tal circunstancia xustificárase mediante declaración escrita do representante legal da empresa comprensiva do motivo da non-presentación e probas de que dispoña.

Décimo.—Os libros de visitas rematados conservaranse á disposición da Inspección de Traballo e Seguri-

dade Social durante un prazo de cinco anos, contados a partir da data da última dilixencia.

Décimo primeiro.—Naquelas comunidades autónomas con dúas linguas oficiais, o libro de visitas da Inspección editarase en versión bilingüe.

Normas transitorias

Primeira.—Ata o día 1 de xuño de 2006, subsistirá a validez dos libros de visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social habilitados con anterioridade á entrada en vigor desta resolución.

Segunda.—Durante o período transitorio do número anterior, as dilixencias expedidas en libros de visitas do modelo vixente ata esta resolución conterán indicación dos datos que nela se determinan.

Terceira.—Durante o período transitorio, os técnicos habilitados, farán constar a súa identidade e a mención «técnico habilitado» (artigo 9.2 e 3 e disposición adicional décimo quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e asinarán a dilixencia no espazo libre que existe entre os reservados á sinatura de inspector e subinspector.

Normas derradeiras

Primeira.—Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Segunda.—Non obstante, a partir do día 1 de xuño de 2006 os libros de visitas convencionais deberán responder ao modelo oficial que se establece no anexo para poder ser habilitados.

Terceira.—A autoridade central da Inspección determinará os requirimentos técnicos para o uso do libro de visitas electrónico.

Madrid, 11 de abril de 2006.—O director xeral da Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social, Raimundo Aragón Bombín.

ANEXO

Os libros de visitas terán dimensións UNE A-4 210 x 297 e a composición que figura nos formatos deste anexo. As follas destinadas ás dilixencias dos funcionarios serán cincuenta, estarán numeradas correlativamente e irán seladas. Cada unha das cincuenta follas debe ser duplicada para efectos de que a segunda folla quede en poder do funcionario actuante, para a súa constancia e ulterior arquivo. Necesariamente deben confeccionarse en material autocopiativo; en caso contrario, o libro de visitas non se poderá dilixenciar.

LIBRO DE VISITAS

INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

LIBRO DE VISITAS

D.....
xefe da Inspección de Traballo e Seguridade Social de

CERTIFICO: que no día da data habilitei, de conformidade coas disposicións vixentes, este libro de visitas para o centro de traballo cuxo titular se sinala a continuación:

Nome ou razón social

CIF:

Actividade:

Domicilio da sede principal.....

Domicilio do centro de traballo, rúa

....., número, CP

Número de inscrición na Seguridade Social:

Número de afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos

.....

Data da última dilixencia, se é o caso, do libro de visitas anterior

Consta este libro de 50 folios duplicados nos cales figura o selo da inspección.

Lugar e data

O xefe da Inspección

Selo
da
Inspección

EMPRESA:CIF/NIF..... Localidade.....PROVINCIA..... Funcionario/a actuante Corpo de pertenza: inspector/a <input type="checkbox"/> subinspector/a <input type="checkbox"/> técnico/a <input type="checkbox"/> Data da actuación: Forma de actuación (visita/comprobación)	1
---	----------

DILIXENCIA

Selo da Inspección

O/a técnico/a habilitado/a
(Art. 9.2. e 3 e disp. adicional 15ª Lei 31/95)

O/a subinspector/a de Emprego e
Seguridade Social

O/a inspector/a de Traballo e
Seguridade Social

(Esta resolución publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 99, do 26 de abril de 2006.)